

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 02 DE XULLO DO 2026.**

ASISTENTES:

Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE Membros que asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO MARIÑO DE BRICIO VICENTE	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Dous de Xullo do Dous mil vinte e seis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 25/06/2026

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/412

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 22/06/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE PLUVIAIS NUN VIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE XARÁS"



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/452

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 23/06/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZO DE ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR DO CONCELLO DE RIBEIRA COFINANCIADO POLO "PLAN CORRESPONSABLES""

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/456

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 23/06/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MADEIRA E PARAFUSOS PARA A RENOVACIÓN DA PASARELA DO CARREIRO POR PARTE DO OBRADOIRO "TAHUME XI""

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/473

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 26/06/2026. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DAS FIANZAS, CONSTITUÍDAS E DEPOSITADAS POLO LICITADOR TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ, PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "SANEAMENTO NA AVENIDA RAMIRO CARREGAL (POLÍGONO INDUSTRIAL DE XARÁS)""

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/493

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 26/06/2026. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DO CONTRATO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DA CUBERTA TÉXTEL DE PARQUE INFANTIL DAS ABESADAS (RIBEIRA) POS+2023"

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/499 (M.S.)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 29/06/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2026"



8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202607/037 (S.X.)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 02/07/2026. DECRETO: “HORARIO LÍMITE (DENDE O VENRES 3 DE XULLO INCLUÍDO ATA O SÁBADO 12 DE SETEMBRO TAMÉN INCLUÍDO) PARA OS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS, FESTEXOS POPULARES E VERBENAS, DORNA, FESTAS PATRONAIS, ASÍ COMO NADAL A CELEBRAR NO MUNICIPIO DE RIBEIRA DURANTE O EXERCIZO 2026”

9.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Yolanda Pombo Zapata

Queda sobre a mesa o escrito presentado por **Yolanda Pombo Zapata**, de data 29/06/2026 (Rexistro de entrada nº 15.897), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Food Truck – 5,5 m²), o día 31/07/2026 en horario de 22:00 h. a 05:00 h., na explanada da Lonxa (Ribeira), co motivo da celebración da “Ribeira Urban Fest”.

10.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Nelson Sieira Rivas

Visto o escrito presentado por **Nelson Sieira Rivas**, de data 23/06/2026 (Rexistro de entrada nº 15.517), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A036012420000KZ, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 29/06/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A036012420000KZ, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

11.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Luis Sobrido Franco

Visto o escrito presentado por **José Luis Sobrido Franco** de data 18/06/2026 (Rexistro de entrada nº 15.173), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A940005340000UZ, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 26/06/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:



Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A940005340000UZ, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

12.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Fernando Casas Iglesias

Visto o escrito presentado por **Fernando Casas Iglesias**, de data 12/06/2026 (Registro de entrada nº 14.614), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A039008250000KO, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 26/06/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A039008250000KO, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

13.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Roque Sampedro Rego

Visto o escrito presentado por **Roque Sampedro Rego**, de data 10/06/2026, no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0391901NH0009S0001BG, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 22/06/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0391901NH0009S0001BG, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.



14.- LICENZA DE SEGREGACIÓN Nº 5/14 (CORRECCIÓN DE ERROS) - Inversiones Maruxía, S.L.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 30/10/2014, relativo á concesión de licenza de segregación nº 5/14 á entidade Inversiones Maruxía, S.L., e advertido erro na redacción do mesmo, **a Xunta de Gobeno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á subsanción do citado erro, resultado o acordo tal como segue:

Visto o escrito presentado por **Inversiones Maruxía, S.L.**, na data 16/09/2012 (Rexistro de entrada nº 11.147), no que solicita a concesión de licenza de segregación de parcela sita en Estrada Xeral nº 37 (Castiñeiras).

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 03/10/2014, e informe xurídico con proposta resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 20/08/2014, e considerando que a segregación pretendida se axusta ao establecido na LOUGA e ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente segundo acordo plenario de data 17/12/2002, publicado no BOP de data 14/01/2003 e no DOG de data 20/03/2003, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

REFª CATASTRAL: 15074A019008900000KA

Primeiro.- CONCEDER a INVERSIONES MARUXÍA S.L a **LICENZA DE SEGREGACIÓN (Nº5/14)** solicitada nos termos do Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de setembro de 2014 redactado por José Ramón Boo Pego presentado en escrito rexistrado de entrada na data 16.9.12, (Rexistro de entrada nº 11.147), resultando finalmente dos fincas de modo que:

- **PARCELA A** de **593,00 m²** que linda: Norte muro, despois Estrada Xeral Castiñeiras, Riveira; Sur muro, despois Praia dos Mosqueiros; Este muro, despois camino de acceso da Estrada Xeral á Praia dos Mosqueiros; Oeste Parcela B resultante da segregación.
- **PARCELA B** de 504,70 m² que linda: Norte muro, despois Estrada Xeral Castiñeiras, Riveira; Sur muro, despois Praia dos Mosqueiros; Este Parcela A resultante da segregación; Oeste muro, despois Parcela con refª catastral 15074A019012460001LI.

Segundo.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado (artigo 197 da LOUGA).

Terceiro.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento*



urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

Así mesmo, segundo liquidación definitiva efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 22/10/2014, a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

LIQUIDACIÓN DEFINITIVA					
Taxa actividade urbanística por segregación dun terreo cunha superficie de 1.075 m2 según ordenanza fiscal en vigor	147,81 €	TOTAL Ingresar/Devolver..... 0,00 €			
DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA					
Cota complementaria	147,81 €	Cota Autoliquidada	147,81 €	Diferenza	0.00 €

15.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. FRANCISCO JOSÉ SANTOS ROMERO POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. EXPEDIENTE 2025 RESP000033

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. FRANCISCO JOSÉ SANTOS ROMERO**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 07 de xullo de 2025, preto das 07:30 horas, D. Francisco José Santos Romero, con DNI número 52.456.706-P, camiñaba pola Rúa Castelao, parroquia de Aguiño, municipio de Ribeira, cando, de súpeto, á altura do estaleiro de Aguiño, xusto enfrente do parque infantil, tropezou cun colector do lixo que se atopaba mal situado e sen sinalizar, o que fixo que caera ó chan.

Segundo.- Como consecuencia do impacto da caída, o Sr. Santos Romero precisou asistencia médica, polo que tivo que acudir ó Hospital da Barbanza.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 22/07/2025 co número 17.788, D. Francisco José Santos Romero, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas pola mencionada caída, solicitando que se recoñeza a responsabilidade do accidente sufrido e se acorde o abono da indemnización polos danos e prexuízos sufridos, que cuantifica na contía total de 1.800 euros, máis os xuros legais que lle poidan corresponder.

Non obstante, e respecto ó quantum da indemnización, no expoñendo segundo do seu escrito de reclamación dispón que o dano é perfectamente avaliable economicamente en 38 euros por día das tres comidas diarias, mais gastos de desprazamentos varios e un asistente ou acompañante pendente de verificar o seu custe, pero que se podería resumir nun total de 2.800 euros

Co seu escrito achega a seguinte documentación:



- Informe de alta de urxencias emitido na data 07/07/2025 polo Hospital do Barbanza, no que se dispón que o motivo da asistencia é un mareo, e no que se realiza o seguinte diagnóstico: *"Mareo de probable orixe vasovagal, sin datos de alarma en el momento actual"*
- Cita para o servizo de oftalmoloxía.
- Petición de resonancia magnética.
- Informe de alta de urxencias emitido na data 01/07/2025 polo Hospital da Barbanza, no que se dispón que o motivo da asistencia é unha caída accidental tras tropezar cun colector do lixo que se atopaba na beirarrúa, e no que se realiza o seguinte diagnóstico: *"TCE. Caída accidental"*.
- Catro fotografías do lugar da caída.

Mediante escrito rexistrado de entrada na data 05/02/2026 co número 20262836, reitera a súa reclamación, polas lesións sufridas por mor dunha caída ocorrida o día 07/07/2025, sobre as 07:30 horas, cando camiñaba pola Rúa Castelao, parroquia de Aguiño, e tropezou cun colector do lixo que estaba man ubicado, solicitando o abono dunha indemnización pola contía de 1.800 euros mais os xuros que legalmente correspondan.

Con este escrito achega copia da documentación que xa aportou co escrito rexistrado de entrada na data 22/07/2025.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 20/03/2026 pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Escrito presentado polo reclamante rexistrado de entrada na data 22/04/2026 co número 20269374.
- Informe emitido na data 11/05/2026 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións por parte da entidade Mapfre, como aseguradora do Concello de Ribeira, mediante escrito de data 13/05/2026, e no que rexeita a cobertura do sinistro polos motivos e fundamentacións dispostos no referido escrito.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os



particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou, no seu caso, as normas orzamentarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

4.1. Tempo e forma.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente sufrido.

Aquí compre facer a seguinte apreciación. O interesado, tanto no escrito de reclamación presentado na data 22/07/2025 co número 17.788, como no escrito de reiteración da reclamación presentado na data 05/02/2026 co número 20262836, afirma



que a data da caída é o 07/07/2025. Non obstante, nos informes médicos que achega, é o informe de alta de urxencias de data 01/07/2025 o que dispón que o motivo da asistencia ó Hospital é unha caída accidental ó tropezar cun colector do lixo. Mentres que o informe de alta de urxencias de data 07/07/2025 dispón que o motivo da asistencia ó Hospital é un mareo.

Dos informes médicos mencionados dedúcese que a data da caída non foi o día 07/07/2025, senón o día 01/07/2025, existindo un posible erro nos escritos presentados polo reclamante.

Aínda así, a reclamación está formulada en tempo e forma, tal e como se indica ó inicio deste apartado.

4.2. Lexitimación activa e representación.-

Así mesmo, o Sr. Santos Romero, **está lexitimado para deducir a reclamación de indemnización das lesións que pretende** por ser quen ten sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido cando camiñaba pola Rúa Castelao, na parroquia de Aguiño. E faino en nome propio.

4.3. Realidade dos danos e das lesións.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción das lesións**, como se desprende dos informes médicos que o reclamante achega coa súa reclamación.

4.4. Nexo causal.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto o reclamante conecta aqueles coa defectuosa colocación dun colector do lixo na Rúa Castelao da parroquia de Aguiño, á altura do estaleiro da citada parroquia, pola que camiñaba na data do accidente.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

1ª) A Policía Local, non tivo constancia do accidente segundo refire no informe emitido na data 20/03/2026.

2ª).- A enxeñeira municipal, en informe emitido na data 11/05/2026, afirma que non tivo constancia do accidente sufrido polo Sr. Santos Romero, polo que non consta realizada unha inspección ó lugar do accidente na data na que este sucedeu, precisando que, tras o inicio do expediente administrativo, a última semana do mes de abril do 2026 realizouse unha inspección ó lugar da caída, observando que o colector do lixo atópase actualmente situado na vía asfaltada, non na beirarrúa, ó ter rematado a execución das obras e de pintado da vía en cuestión, realizadas recentemente (achega fotografías).

Segue a dicir a enxeñeira que nas fotografías que adxunta o reclamante, obsérvase o colector do lixo situado, case na súa totalidade, en parte da beirarrúa, probablemente ó non estar delimitada a súa situación co pintado da vía, como xa está na actualidade. Na inspección, compróbanse as medidas de ancho da beirarrúa e do ancho do colector, resultando un espazo libre de circulación de peóns de case 1 metro (0,97 centímetros). Isto significa, segundo indica o informe técnico, que a beirarrúa seguía a ser practicable, que non existía un bloqueo do itinerario peonil e que o colector, que forma parte do mobiliario urbano, era perfectamente visible, sen que se teña constancia de que presentase defectos.



A pesar disto, indicase que se estaría a incumplir a normativa de accesibilidade (Lei 10/2014, do 03 de decembro, de accesibilidade de Galicia), que dispón que os itinerarios peonís e de uso interior deben ter un ancho mínimo libre de obstáculos de 1,80 m, permitíndose en casos excepcionais (como podería ser o que nos ocupa), un estreitamento puntual cun ancho mínimo de 1,20 m.

3º).- Non se presentan testemuñas do sucedido.

Na análise xurídica que é necesario efectuar sobre a existencia, ou non, de relación de causalidade entre os danos sufridos polo reclamante e o funcionamento normal ou anormal do servizo público municipal, é preciso ter en conta dúas cuestións conexas:

- a) A existencia real do defecto na Rúa Castelao concretado na existencia dun colector do lixo indebidamente colocado.
- b) A imputabilidade das consecuencias do accidente, isto é, a relación ou conexión directa do defecto do colector co funcionamento do servizo público municipal.

Nesta primeira cuestión, **soamente as fotografías achegadas polo propio reclamante dan conta da existencia da colocación do colector do lixo na beirarrúa da Rúa Castelao**, xa que tanto a Policía Local como a enxeñeira municipal, non tiveron constancia do sucedido, por falla de información sobre o acontecido. Tampouco se presentan testemuñas por parte do reclamante, o que debilita a súa reclamación.

Así mesmo, sobre esta cuestión é necesario precisar que é doutrina reiterada dos Consellos Consultivos que os danos sufridos nunha caída non serán antixurídicos cando esta se produza a consecuencia dun obstáculo de dimensións insignificantes ou visibles, xa que non pode pretenderse que a totalidade das beirarrúas ou calzadas das vías públicas urbanas estean nun absoluto aliñamento, totalmente rasantes e carentes da máis mínima irregularidade.

En relación ó nivel de dilixencia esixible a un transeúnte, a sentenza 138/2017, de 8 de marzo (rec. 371/2014), da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana, recorda que a xurisprudencia do Tribunal Supremo (por todas, Sentenza do 17 de maio de 2001) e a práctica emanada dos Tribunais Superiores de Xustiza, atenden como factor primordial ó carácter previsible do elemento que colocado na vía pública obstaculiza o paso ó viandante, distinguindo dous supostos:

"1º) Cuando el obstáculo es un elemento ordinario y habitual de la vía pública, vinculado a un funcionamiento correcto del servicio público (bolardos o monolitos para evitar el aparcamiento, farolas, semáforos, bancos, papeleras, y demás mobiliario urbano, correctamente situados), y sin perjuicio de que incluso de este funcionamiento normal también puede derivar responsabilidad, lo normal es considerar que la relación causal se rompe por la falta de previsión del peatón ante ese obstáculo. En estos casos, la utilización normal de estos elementos en la vía pública, y la previsibilidad de los mismos determina que cualquier golpe del peatón con ellos, les sea imputable al mismo, pues lo contrario supondría admitir que es posible, lógico y razonable que cuando se camina por la calle, se tropiece de forma habitual con ese mobiliario urbano.

2º) Ahora bien, cuando el golpe se produce no con este tipo de mobiliario urbano, sino con elementos impropios, o con parte de ese mobiliario urbano incorrectamente colocado, de manera que la existencia del mismo no es previsible ni esperable (losetas levantadas, alcantarillas destapadas, mobiliario urbano arrancado y desplazado de su lugar, etc.), se genera un riesgo para los viandantes no previsible ni justificado, y con el que por tanto estos no tienen por qué contar. De manera que el golpe con estos por parte de un



peatón, determina inicialmente la efectiva existencia de relación causal, que solo será modulable o llegará a desaparecer cuando se pruebe por quien lo alega la concurrencia de culpa o negligencia por parte del viandante. Modulación que puede llegar incluso a atribuir en exclusiva la culpa al peatón y no a la Administración, a la que incumbe el cuidado de la calle cuando solo la falta de atención en el deambular, es la que explica la caída, desde el momento en que las propias circunstancias del lugar exigían a cualquier viandante que prestase la debida atención ante las irregularidades del terreno (SSTS de 20/febrero, 13, 29 y 12/julio/1999 y 20/julio/2000, 4/mayo/2006, 4/marzo/2009, entre otras muchas), en cuyo caso procede la exoneración de responsabilidad para la Administración, pese al carácter objetivo de la misma, cuando es la conducta del propio perjudicado la determinante del daño producido”

De conformidade coa doutrina exposta, e tendo en conta o disposto no informe técnico en canto ó incumprimento da Lei 10/2014 de accesibilidade de Galicia, o colector de lixo situado na beirarrúa podería considerarse un obstáculo sorpresivo e insólito, non previsible para o viandante que xeraría un risco que estes non teñen porque soportar. Sen embargo, aínda confirmada a indebida ubicación do colector do lixo, este tipo de mobiliario, polas súas grandes dimensións, fan que sexa perfectamente apreciable polos viandantes, ademais de ter en conta que, neste caso, o colector non presentaba defectos e non invadía totalmente a beirarrúa, permitindo sen problema o tránsito peonil, o que minimiza o risco que poida xerar a súa indebida situación e, polo tanto, reduce a capacidade de xerar unha relación de causalidade entre o dano producido e o servizo público.

Así mesmo, é necesario engadir que o feito de que o reclamante teña unha discapacidade visual, non converte automaticamente en antixurídico un elemento urbano ordinario. Neste sentido, o propio reclamante debe actuar con maior dilixencia debido precisamente á súa cegueira, que o fai máis vulnerable ante os elementos ordinarios das vías e beirarrúas.

En relación á segunda das cuestións planteadas, isto é, a imputabilidade das consecuencias do accidente, tamén atopamos dificultades para determinar se existe unha vinculación directa entre o estado do colector do lixo e as lesións xeradas ó reclamante, é dicir, en constatar a causa da caída, ou o que é o mesmo, en demostrar a dinámica do accidente.

A este respecto, é preciso recordar que a carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público corresponde certamente ó/á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión (forza maior, culpa do/a prexudicado/a etc...) á Administración (artigo 1214 CC). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade e, na súa consecuencia está atada e interesada “*de oficio*” no esclarecemento da verdade material, o que supón desprenderse de calquera actitude pasiva que impida o cabal coñecemento dos feitos polos que poida atender ou rexeitar, nun acto motivado, as pretensións dos particulares. Por iso, os actos de instrución para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos realizáranse de oficio e, no noso ámbito, o procedemento impulsará de oficio en “*tódolos seus trámites*.”

Neste sentido postúrase a xurisprudencia do Tribunal Supremo, que, con carácter xeral, acolle o principio de que a carga da proba da existencia dos danos e da relación de causalidade co servizo público corresponderá á parte actora.



O Tribunal Supremo, consciente das dificultades probatorias que se presentan neste tipo de reclamacións, lembra que toda actividade probatoria, consiste en ser un medio de acreditación dos feitos para levar ó Tribunal á convicción da súa existencia e comporta unha actividade de reconstrución histórica, pois refírese a acontecementos xa ocorridos. Non pode esixirse que esta reconstrución sexa real e actual en termos absolutos, senón que ten que levarse a cabo ás veces mediante as referencias que poidan considerarse aceptables de conformidade cós principios que subministra a sa crítica (por todas, sentenza de 21/09/1998).

Pois ben, **do exame da proba practicada no presente expediente con base nos parámetros anteditos, colíxese que non resulta xustificado de xeito suficiente o vínculo causal.**

Efectivamente **o reclamante non presenta proba ningunha que acredite que a caída sufrida fose debida á incorrecta colocación do colector do lixo.**

Pola contra **a proba practicada de oficio, pon de manifesto a inexistencia de calquera aviso á policía ou servizo municipal das lesións supostamente ocasionados polo servizo público. A todo isto, engádese a falla de testemuñas presenciais que puidesen esclarecer como sucederon os feitos, xa que o reclamante en escrito presentado na data 22/04/2026 co número 20269374 de rexistro, indica que non recorda que lle axudou tras a caída, nin quen chamou á ambulancia.**

Neste sentido, non pode formarse unha razoable secuencia do accidente, pois unha persoa cega, ou ben camiña pola rúa acompañada doutra persoa, ou, se camiña solo (como parece ser o caso), faino acompañado dun can guía e dun bastón, elemento que lle permite percibir os posibles obstáculos da rúa ou beirarrúa con que se pode atopar, mais se se trata dun elemento de considerables dimensións como pode ser un colector de recollida do lixo.

En definitiva, **o exame conxunto da proba practicada non permite formar convicción sobre a veracidade dos feitos, que, daquela, non resultan suficientemente probados, polo que o procedente é desestimar a reclamación presentada.**

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 29/06/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Francisco José Santos Romero, polos motivos e fundamentos antes expostos.

16.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. MANUEL MARTÍNEZ MAIMÓ, POLOS DANOS NO APARATO QUENTADOR DA SÚA VIVENDA COMO CONSECUENCIA DA EXECUCIÓN DAS OBRAS NA RÚA DO VILAR. EXPEDIENTE 2025 RESP000032

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. MANUEL MARTÍNEZ MAIMÓ**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade,



como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 22/07/2025 co número 17763, D. Manuel Martínez Maimó promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos no aparato quentador da súa vivenda, sita no número 21 da Rúa do Vilar, parroquia de Palmeira, como consecuencia da execución das obras na mencionada Rúa.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 10/11/2025, resolverse admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/á interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non acredita a titularidade do ben que resultou danado, nin especifica o momento no que o dano efectivamente se produciu, nin a avaliación económica da responsabilidade patrimonial que reclama, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta dos referidos requisitos, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido/a da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente o intento infrutuoso de notificación ó interesado, así como anuncio de notificación publicado no suplemento de notificacións do BOE número 121 do día 19/05/2026, e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica), en cumprimento do disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias da Alcaldesa na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación*



de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”

CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se produciuse a emenda requirida.

QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 30/06/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Ter por desistido/a da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D. Manuel Martínez Maimó, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 22/07/2025, co número 17763, e declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 10/11/2025, notificado mediante anuncio publicado no suplemento de notificacións do BOE número 121 do día 19/05/2026 e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

17.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. BENIGNO SIEIRA SANTOS, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE ALCARNOVO S.L., POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 6667MRN Ó BATER CONTRA O MESMO UN COLECTOR DO LIXO. EXPEDIENTE 2025 RESP000024

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. Benigno Sieira Santos, en nome e representación de ALCARNOVO S.L.**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 10 de agosto de 2024, o vehículo marca e modelo Mini Cooper C, con placas de matrícula 6667MRN, propiedade da entidade “*Alcarnovo S.L.*”, estaba estacionado na Rúa Miguel Rodríguez Bautista, parroquia e municipio de Ribeira, cando, de súpeto, un colector do lixo impactou contra o mesmo, o que ocasionou danos no parachoques traseiro do automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 09/07/2025 co número 202500016916, D. Benigno Sieira Santos, en nome e representación de “*Alcarnovo S.L.*”,



promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos no citado vehículo, que cuantifica na contía total de 243,21 €, mais os xuros que legalmente correspondan.

Co escrito de reclamación, achega a seguinte documentación:

- Escrito de representación outorgado pola entidade “*Alcarnovo, S.L.*” a favor do Sr. Sieira Santos.
- Escritura de poder especial outorgada ante o Notario de Oleiros, D. Andrés Antonio Sexto Presas, na data 08/11/2022, co número 2.991 de protocolo.
- Permiso de circulación do automóbil.
- Parte de servizo número 11602 emitido pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Presuposto de reparación do vehículo emitido na data 01/10/2024 pola entidade “*Lugauto, S.A.*”

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido pola Policía local do Concello de Ribeira.
- Parte de servizo número 11602 realizado pola Policía local do Concello de Ribeira.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de escrito de alegacións por parte do reclamante, rexistrado de entrada na data 11/06/2026 co número 202600014449, e no que reitera a súa petición inicial.

Así mesmo, consta escrito de data 21/05/2026 de alegacións da entidade Mapfre, en calidade de aseguradora do Concello, no que considera que non existe responsabilidade imputable ó Concello, xa que a mesma recae na entidade concesionaria Urbaser.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos



públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

A entidade “ALCARNOVO S.L.” ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación, por ser a titular do vehículo danado, tal e como resulta acreditado pola documentación que consta no expediente, entre ela, o permiso de circulación do automóbil.

Actúa representada por D. Benigno Sieira Santos, que acredita debidamente a súa representación mediante a autorización outorgada polo representante da citada entidade, e que consta no expediente.



Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo con placas de matrícula 6667MRN. Así se deduce do presuposto de reparación que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto a reclamante conecta os mesmos ao mal funcionamento do servizo de recollida de lixo.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira tivo constancia do sinistro acontecido**, tal e como consta no **Parte número 11602** emitido na data do accidente e que dispón o seguinte: *“(…) Personados en el lugar, el requirente (A) nos manifiesta: Que su vehículo (A) lo había estacionado el día anterior por la noche y que hoy ha visto como el contenedor de residuos orgánicos ha golpeado su coche. Se comprueba que el contenedor está tocando la defensa del coche, coincidiendo en altura con el daño en la defensa trasera del vehículo (A) (...).”*
- **No informe emitido como consecuencia da instrución do expediente**, a Policía local dispón o seguinte: *“(…) Las condiciones climatológicas en el momento del suceso eran favorables, con buen tiempo y temperaturas altas. En cuanto al vehículo implicado, se encontraba correctamente estacionado. La causa del accidente fue el desplazamiento de un contenedor de residuos sólidos urbanos, el cual no se encontraba anclado al suelo para evitar su movimiento. Tras la inspección ocular del lugar, se observa que el contenedor se encontraba vacío, circunstancia que facilita su desplazamiento al no estar debidamente anclado. Por lo expuesto se concluye que la causa de los daños producidos en el vehículo, matrícula 6667-MRN, fue el desplazamiento del contenedor de residuos sólidos urbanos al no estar anclado al suelo para evitar su desplazamiento.”*

Dos informes referidos extraemos as seguintes conclusións:

- Que un colector do lixo de residuos sólidos urbanos situado na Avenida Miguel Rodríguez Bautista, desprazáronse ó non estar anclado.
- Que no seu desprazamento bateu contra o automóbil con placas de matrícula 6667-MRN propiedade da entidade “*Alcarnovo S.L.*”.
- Que non se ten constancia dunha conducta negligente por parte do reclamante e titular do vehículo.
- Que non existe causa de forza maior.

En consecuencia, e en atención ó informe emitido pola Policía Local, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca e modelo Mini Cooper C, con placas de matrícula 6667 MRN, propiedade da entidade “*Alcarnovo S.L.*”

Acreditada a existencia dunha relación de causalidade entre o dano sufrido e o funcionamento do servizo público correspondente á recollida de residuos sólidos urbanos, cómpre facer fincapé na lexitimación do Concello de Ribeira contra o que se presenta a reclamación polos danos antes referidos, xa que, aínda que o devandito servizo constitúe



unha competencia inequívoca dos Entes Locais, tal e como se recolle nos artigos 25.2 b) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, conséntase que o mantemento do servizo, na data do accidente, competía á entidade URBASER S.A., con NIF A79524054, como entidade concesionaria do mesmo.

Segundo dispón o artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas Leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto no contrato de obras, sen prexuízo da posibilidade de repetir contra o redactor do proxecto de acordo co establecido no artigo 315, ou no contrato de subministro de fabricación. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición das accións. A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

Así mesmo, o prego de cláusulas administrativas particulares do contrato administrativo para a xestión, mediante concesión administrativa, do servizo público de limpeza pública urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (excluída a fracción do vidro) e xestión do punto limpo do Concello de Ribeira, asinado na data 31/07/2017 entre o Concello de Ribeira e a entidade RECOLTE SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U., contrato que foi cedido a favor da mercantil URBASER S.A.U., formalizándose a citada cesión na data 19/5/2020, dispón na súa cláusula décimo novena que o concesionario terá como principais obrigacións as seguintes: "(...) Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración".

En base ao referido, e sobre todo ao artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración ten o deber ineludible de pronunciarse sobre o responsable do dano.

A este respecto, e, como xa ten manifestado o órgano consultivo autonómico, serán dúas as canles ás que a Administración poderá recorrer para cumprir co seu deber de pronunciamento.

Unha primeira posibilidade é a da declaración terminante da responsabilidade do concesionario, declaración recollida nun acto administrativo e acompañada polo tanto do manto de protección que cobre a aqueles, así como posibilitando os mecanismos de impugnación oportunos para desvirtuar a súa eficacia. Esta vía esixe, non obstante, unha tramitación axeitada e, en particular, a debida audiencia do contratista, que se converte neste procedemento nun interesado de primeira orde ao serlle imputado o dano que motiva a reclamación.

Unha segunda alternativa, que se pode seguir á hora de resolver este tipo de reclamacións, é entender que en réxime de responsabilidade obxectiva e directa será a



Administración que, de se dar os supostos de responsabilidade, deberá indemnizar ao lesionado, con independencia de que se, á vista do procedemento contraditorio tramitado, resultara ser o contratista ou concesionario o responsable, poida a Administración repetir contra ese posteriormente, coas pertinentes garantías e despois da tramitación dun incidente contraditorio, xa sen intervención do prexudicado.

No presente caso, na tramitación do expediente de responsabilidade patrimonial iniciado a instancia da entidade “*Alcarnovo S.L.*”, representada polo Sr. Sieira Santos, deuse audiencia á entidade concesionaria URBASER S.A. mediante Decreto da Alcaldía de data 18/05/2026, que foi notificado na data 20/05/2026, segundo consta no acuse de notificación telemática, quen puido realizar as alegacións que tivo oportunas, **polo que se entende que é perfectamente factible a posibilidade de seguir a primeira vía para a solución da controversia, sendo por tanto que procede declarar a responsabilidade da entidade concesionaria, por desprenderse esta do actuado no expediente, de xeito que será aquela quen deberá asumir a indemnización do dano causado.**

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 30/06/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Benigno Sieira Santos, en nome e representación da entidade “*Alcarnovo, S.L.*”, polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, e recoñecerlle o dereito a unha indemnización de 243,21 € mais os xuros que legalmente procedan.

Declarar a falta de lexitimación pasiva do Concello de Ribeira para atender ó pago da indemnización, e responsable da mesma á entidade que na data do accidente era a concesionaria do servizo público de limpeza pública urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e xestión do punto limpo URBASER S.A., polo que será esta entidade a que deberá facer fronte á reparación dos danos ocasionados indemnizando á reclamante na contía antes indicadas.

Todo isto de conformidade co exposto nos parágrafos precedentes, como responsable da prestación do citado servizo e en virtude da cláusula décimo novena do prego de cláusulas administrativas particulares do citado contrato administrativo.

18.- VAO PERMANENTE (CAMBIO DE TITULARIDADE) – Lucía Martínez Rial

Visto o escrito presentado por **Lucía Martínez Rial**, de data 19/09/2025 (Registro de entrada nº 22.654), no que solicita o cambio de titularidade ao seu favor da reserva de vao permanente para a entrada ao garaxe do inmovible situado na Avenida da Coruña, nº 89 (Ribeira), por falecemento do anterior titular, José Martínez González.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Conceder a Lucía Martínez Rial, cambio de titularidade** ao seu favor da reserva de vao permanente para a entrada ao garaxe do inmovible situado na Avenida da Coruña, nº 89 (Ribeira), por falecemento do anterior titular, José Martínez González.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.



19.- VAO PERMANENTE (CAMBIO DE TITULARIDADE) – Gerard Gómez Vila

Visto o escrito presentado por **Gerard Gómez Vila**, de data 13/01/2026 (Rexistro de entrada nº 833), no que solicita o cambio de titularidade ao seu favor da reserva de vao permanente (Nº 29/22) para a entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Dorna, nº 7 (Castiñeiras), por compra de inmovible á anterior titular, Sara Sieira Sampedro.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Conceder a Gerard Gómez Vila**, cambio de titularidade ao seu favor da reserva de vao permanente (Nº 29/22) para a entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Dorna, nº 7 (Castiñeiras), por compra de inmovible á anterior titular, Sara Sieira Sampedro.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.

20.- VAO PERMANENTE (CAMBIO DE TITULARIDADE) – Fundación Educativa Corazonista-Colegio Sagrado Corazón de Jesús

Visto o escrito presentado por Victoria Pilar Paredero Rosríguez en representación de **Fundación Educativa Corazonista-Colegio Sagrado Corazón de Jesús**, de data 10/03/2026 (Rexistro de entrada nº 5.703), no que solicita o cambio de titularidade ao seu favor da reserva de vao permanente para a entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Fontenova, nº 4 (Castiñeiras), por pasar a formar parte (subrogación) da citada institución o anterior titular, Centro Educativo Hermanas Caridad Sagrado Corazón, a partir do 01/01/2026.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Conceder a Fundación Educativa Corazonista-Colegio Sagrado Corazón de Jesús**, cambio de titularidade ao seu favor da reserva de vao permanente (Nº 29/22) para a entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Fontenova, nº 4 (Castiñeiras), por pasar a formar parte (subrogación) da citada institución o anterior titular, Centro Educativo Hermanas Caridad Sagrado Corazón, a partir do 01/01/2026..
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.

21.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Alejandro Crujeiras Vidal (ÍDOLOS)

Queda sobre a mesa o escrito presentado por **Alejandro Crujeiras Vidal**, en representación do establecemento hostaleiro **Ídolos Pub**, de data 23/06/2026 (Rexistro de entrada nº 15.557), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, o días 17/07/2026, a partir das 23:30 h.



22.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA – XESTUR, S.A. E O CONCELLO DE RIBEIRA

Visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 25/06/2026, relativo á aprobación do convenio de colaboración entre Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A. e o Concello de Ribeira para a colaboración na actualización do proxecto e na execución das obras de urbanización interiores do Solo Urbanizable Industrial (SUI) da modificación puntual do PXOM de Ribeira.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración entre Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A. e o Concello de Ribeira para a colaboración na actualización do proxecto e na execución das obras de urbanización interiores do Solo Urbanizable Industrial (SUI) da modificación puntual do PXOM de Ribeira.
- **Segundo.-** Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

23.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A PROPIEDAD DO EDIFICIO SITO EN AVENIDA ROMERO ORTIZ, Nº 15, C.P. 15960, RIBEIRA

Visto o expediente relativo ao convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a propiedade do edificio sito en Avenida Romero Ortiz, nº 15, c.p. 15960, Ribeira, A Coruña.

Visto que o obxecto do citado convenio de colaboración consiste na colaboración entre o **Concello de Ribeira e a Comunidade de Propietarios do Edificio sito en Avenida Romero Ortiz, Nº 15, CP 1960, Ribeira, A Coruña**, para levar a cabo a **realización dun mural coa fin de embelecer o espazo público que levará o nome de Quico Domínguez**, en consonancia co acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria de 25 de maio de 2026 no senso de ***“Tomar en consideración o recoñecemento á persoa de Quico Domínguez pola súa traxectoria de compromiso social e pola súa defensa da cultura galega, e noméese o espazo público que hai fronte á súa casa familiar, no barrio do Pombal, onde viviu na súa nenez e xuventude, co nome de Quico Domínguez”***.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Primeiro.-** Aprobar o borrador do convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a propiedade do edificio sito en Avenida Romero Ortiz, nº 15, c.p. 15960, Ribeira, a Coruña.



- **Segundo.-** Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

24.- APROBACIÓN DA SUBSCRIPCIÓN DE CONVENIO COA ENTIDADE CENTRO COMERCIAL HIPER-GADIS

Vista a proposta da Alcaldía, de data 30/06/2026, relativa á subscripción de convenio coa entidade Centro Comercial Hiper-Gadis para o uso do seu aparcadoiro, co motivo dos eventos a celebrar durante as **festas de verán de Ribeira 2026** e dado o aumento de afluencia de persoas que acudirán ao noso Concello durante a celebración das mesmas, coa fin de **minimizar o colapso do tráfico no Concello**.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro:-Que se proceda á subscripción dun **convenio coa entidade CENTRO COMERCIAL HIPER-GADIS** para **uso do aparcadoiro** do devandito centro comercial, de acordo co seguinte horario:

- Venres 31 de xullo de 2026: dende as 22.00 horas ata as 6.00 horas do sábado.**
- Sábado 1 de agosto de 2026: dende as 22.00 horas ata as 6.00 horas do domingo.**
- Domingo 2 de agosto de 2026: dende as 22.00 horas ata as 06.00 horas do luns.**

Segundo:- Os gastos derivados de dita vixilancia, así como a limpeza correrán a cargo do Concello de Ribeira, considerando oportuno que sexan realizados pola empresa contratada por ese centro comercial para a prestación dos servizos.

Terceiro:-O Concello conta cunha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubre todas e calquera das súas actividades.

Cuarto:-Facultase á Sra. Alcaldesa-presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

25.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Comercio, Carmen Pérez Gómez, de data 29/06/2026, relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira, aos efectos de regular a celebración das Campañas Anuais de Comercio do ano 2026.

Visto o informe emitido en sentido favorable polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 29/06/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- **Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira, aos efectos de regular a celebración das Campañas Anuais de Comercio do ano 2026.
- **Segundo.-** Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

26.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA – Campaña de Nadal 2025/2026

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Comercio, Carmen Pérez Gómez, de data 29/06/2026, relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira, aos efectos de regular a celebración da Campaña de Nadal 2025-2026.

Visto o informe emitido en sentido favorable polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 30/06/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira, aos efectos de regular a celebración da Campaña de Nadal 2025-2026.
- **Segundo.-** Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

27.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA – Gastromar

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Mar, Fernando Abrales Pérez, de data 29/06/2026, relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira, aos efectos de regular a celebración da V Feira Gastronómica Gastromar 2026.

Visto o informe emitido en sentido favorable polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 30/06/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira, aos efectos de regular a celebración da V Feira Gastronómica Gastromar 2026.



- **Segundo.-** Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

28.- APROBACIÓN CONVOCATORIA SELECCIÓN DE OPERACIÓNS PAI/EDIL RIBEIRA ATLÁNTICA 2030

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 30/06/2026, relativa á aprobación das Bases da Convocatoria de Expresións de Interese que rexirán na selección de operacións do Plan de Actuación Integrado no marco da Estratexia de Desenvolvemento Integrado Local (PAI-EDIL) RIBEIRA ATLÁNTICA 2030, na que expón:

“De conformidad con la Orden HAC /1072/2024, por la que se aprueban las bases reguladoras para la asignación de senda financiera a los Planes de Actuación Integrados de Entidades Locales, en el marco del desarrollo urbano sostenible y con la Resolución de la Dirección General de Fondos Europeos, por la que se resuelve definitivamente la convocatoria para la asignación de senda financiera FEDER a Planes de Actuación Integrados de entidades locales, en el marco del desarrollo urbano sostenible, con cargo al Fondo Europeo de Desarrollo Regional en el periodo de programación 2021-2027 se ha asignado senda financiera a la Entidad Local Ayuntamiento de Ribeira de acuerdo con las previsiones de financiación de la prioridad 2c y del Objetivo Específico (OE) 5.1, programado para el Fondo Europeo de Desarrollo Regional FEDER y recogido en el Programa Plurirregional de España 2021-2027.

De acuerdo con las previsiones del artículo 6 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, las subvenciones financiadas con cargo a fondos de la Unión Europea se regirán por las normas comunitarias aplicables en cada caso y por las normas nacionales de desarrollo o transposición de aquéllas, y los procedimientos de concesión y de control de las subvenciones regulados en la Ley General de Subvenciones tendrán carácter supletorio respecto de las normas de aplicación directa a las subvenciones financiadas con cargo a fondos de la Unión Europea.

El Programa Plurirregional de España FEDER 2021-2027 es un instrumento de programación que tiene carácter normativo y que fue aprobado por una decisión de la Comisión Europea mediante un acto de ejecución, de conformidad con el artículo 23 del Reglamento (UE) 2021/1060, sin perjuicio de posibles modificaciones. En el Programa se indica que la selección de los Planes de Actuación Integrados que se cofinanciarán para canalizar los fondos de desarrollo urbano sostenible se llevará a cabo mediante convocatoria en la que se garantice la concurrencia competitiva y se prevean mecanismos de flexibilización de su ejecución.

Así el Ayuntamiento de Ribeira como entidad beneficiaria del PAI-EDIL RIBEIRA ATLÁNTICA 2030, seleccionará las operaciones que se integrarán dentro de las distintas líneas de actuación de la estrategia, actuando como Organismo Intermedio Ligero (OIL).

*En el desarrollo de las atribuciones asignadas a la Entidad PAI-EDIL como Organismo Intermedio Ligero de las ayudas del POPE del FEDER, el **Ayuntamiento de Ribeira** elaboró un Manual con el objeto de recoger los Procedimientos establecidos para la realización de las funciones delegadas por la Autoridad de Gestión en referencia a las Actuaciones cofinanciadas por el Programa Plurirregional de España FEDER en el período de programación 2021 – 2027 dentro de su Estrategia PAI-EDIL “**Ribeira Atlántica 2030**”.*

Este manual es destinado a todos los agentes del Ayuntamiento que intervienen en la gestión de los Fondos FEDER del PAI-EDIL, y es de obligado cumplimiento para los componentes de la Unidad de



Gestión (UG) encargada de las funciones delegadas por la Autoridad de Gestión (Selección de Operaciones). El manual de selección de operaciones puede consultarse en la web de la entidad local: <http://ribeira.gal/>

La Unidad de Gestión efectúa esta convocatoria de expresiones de interés abierta a los potenciales beneficiarios (las unidades ejecutoras), iniciando de este modo el proceso para que éstos puedan presentar sus solicitudes de financiación. Las convocatorias de expresiones de interés se publicitarán de forma adecuada en la intranet de la Entidad Local o bien en su página Web con el fin de asegurar su difusión entre la totalidad de los potenciales beneficiarios (las unidades ejecutoras) con total transparencia, e incluirán una descripción clara del procedimiento de selección empleado y los derechos y obligaciones de los mismos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar as Bases da Convocatoria de Expresións de Interese que rexirán na selección de operacións do Plan de Actuación Integrado no marco da Estratexia de Desenvolvemento Integrado Local (PAI-EDIL) RIBEIRA ATLÁNTICA 2030

PARTIDA	LIÑAS DE ACTUACIÓN	CRÉDITO ASIGNADO
459 637.00	PRAZA/ABERTA - (PAI-EDIL RIBEIRA ATLÁNTICA 2030)	9.195.991,18 €
459 637.01	CERQUEIRAS/VIVA - (PAI-EDIL RIBEIRA ATLÁNTICA 2030)	1.716.888,82 €

29.- VAO PERMANENTE - Juan Manuel Sampedro Santos

Visto o escrito presentado por **Juan Manuel Sampedro Santos**, de data 29/06/2026 (Rexistro de entrada nº 15.914), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Xosé Ramón Fernández Barreiro, nº 5 - Baixo (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 30/06/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Conceder** a **Juan Manuel Sampedro Santos**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,50 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Xosé Ramón Fernández Barreiro, nº 5 - Baixo (Ribeira), con reforzo de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os **costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso** deberán ser a costa do solicitante.



30.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN “QUEDADA ABERTA” EN ESPAZO PÚBLICO – Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira

Visto o escrito presentado por María Ventura Sampedro Rego en representación da **Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira**, de data 01/07/2026 (Rexistro de entrada nº 16.124), no que solicita autorización para a celebración dunha “Quedada Aberta” para intercambio de cromos do mundial de fútbol, o día 04/07/2026, en horario de 11:00 h. a 13:00 h., no parque da Casa de Cultura de Carreira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dunha “Quedada Aberta” para intercambio de cromos do mundial de fútbol, o día 04/07/2026, en horario de 11:00 h. a 13:00 h., no parque da Casa de Cultura de Carreira.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

31.- AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE AGUIÑO – Asociación O Serriño Os Millores de Aguiño

Vistos os escritos presentados por Julio Abrales Pérez en representación da **Asociación O Serriño Os Millores de Aguiño**, de data 19/06/2026 (Rexistros de entrada nº 15.282 e 15.283) nos que solicita autorización para a celebración das Festas de Aguiño do 10 ao 16/07/2026, na explanada do Porto de Aguiño e contorna, así como a colaboración municipal (Valado, contedores RSU, presenza policial e do GAEM e reunión organizativa con representantes municipais) para o bo desenvolvemento das mesmas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a celebración das Festas de Aguiño do 10 ao 16/07/2026, na explanada do Porto de Aguiño e contorna.
- Prestar a colaboración municipal solicitada.
- Dar traslado deste acordo aos solicitantes.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local e GAEM para o seu coñecemento.
- Dar traslado deste acordo ao Departamento de Cultura e Festexos para que proceda a tramitar dita solicitude en forma, debendo comunicar aos solicitantes todos aqueles condicionamentos que deberán cumprirse para a celebración do citado evento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

